

**P
R
O
G
R
A
M
A
S**



2013-2014

2º Curso



ÍNDICE

1º Cuadrimestre

Páx

-
- **Estrutura e Cambio Social** (Formación Básica)..... 1
 - **Psicoloxía do Desenvolvemento** (Formación Básica)..... 3
 - **Dereito e Administración Pública** (Obrigatoria)..... 5
 - **Teorías e Modelos de Intervención en TS** (Obrigatoria)..... 7
 - **Traballo Social con Comunidades** (Obrigatoria).....10

2º Cuadrimestre

Páx

-
- **Servizos Sociais Comunitarios** (Obrigatoria)..... 15
 - **Investigación e Diagnose en TS** (Obrigatoria)..... 17
 - **Habilidades Sociais e de Comun.** (Obrigatoria)..... 23
 - **Traballo Social e Saúde** (Obrigatoria)..... 27
 - **Traballo Social con Grupos** (Obrigatoria)..... 30

1º Cuadrimestre

G3171201 - Estrutura e Cambio Social (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2013/2014 – Formación Básica

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesor: Xoán Carlos Bascuas Carlos

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender de forma crítica os principais aspectos dos desequilibrios e desigualdades sociais e de poder e dos mecanismos de discriminación e opresión (en especial os derivados das relacións económicas e de traballo, de xénero, étnicas e culturais).
- Coñecer e comprender de forma crítica os principais aspectos do conflito social, os mecanismos de poder e autoridade, de dominación, explotación e alienación, e as perspectivas das diversas Ciencias Sociais sobre esos procesos e mecanismos.
- Ser capaz de avaliar o xeito no que estes desequilibrios e desigualdades sociais (por exemplo, asociados coa pobreza, o desemprego, a mala saúde, a discapacidade, a carencia de educación e outras fontes de desventaxa) impactan nas relacións humanas e xeneran situacións de necesidade diferencial, malestar, precariedade, vulnerabilidade, segregación, marxinação e exclusión e afectan á demanda de TS.
- Ser capaz de analizar e avaliar o impacto da desigualdade e a discriminación no traballo con persoas en contextos determinados e en situacións problemáticas.

Contidos

- O concepto de estrutura social. Cambio estrutural e procesos sociais.
- Demografía e poboación. Conceptos e procesos demográficos básicos. Fontes para o estudo da poboación. Estrutura demográfica das poboacións española e galega.
- Estratificación social e desigualdade: dimensións e conceptos. desigualdade, pobreza e exclusión nas sociedades avanzadas. O estudo da pobreza e da desigualdade en España e Galicia.
- Mercado de Traballo. Conceptos básicos. Evolución e características do Mercado de Traballo en España e Galicia
- A inmigración. Conceptos básicos. Evolución en España e Galicia.

Bibliografía básica e complementaria

- .- Beltrán, M. (2004). La estructura social, Barcelona: Ariel.
- .- De Francisco, A. (1996): Sociología del cambio social, Barcelona: Ariel.
- .- De Miguel, J. (1998): Estructura y cambio social en España, Madrid: Alianza Editorial.
- .- Del Barrio, J.M. (1996). Espacio y estructura social. Análisis y reflexión para la acción social y el desarrollo comunitario, Salamanca: Amarú.
- .- Durán, M^a. A., Gutiérrez, R. e Iglesias de Usell, J. (2001). Estructura y cambio social. Homenaje a Salustiano del Campo, Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- .- Fernández Avión, S.: (1999). La pobreza en España. Santiago: Xunta de Galicia.
- .- González Rodríguez, J., J. (2008) (2^a ed.). Tres décadas de cambio social en España, Madrid: Alianza Editorial.
- .- Leguina, J. (1989). Fundamentos de demografía, Madrid: Siglo XXI.
- .- Lucas, A. (2006). Estructura social. La realidad de las sociedades, Madrid: Pearson.
- .- Martínez García, J. S. (2013). Estructura social y desigual en España, Madrid: Catarata.
- .- Muñoz, s., García, J.L. e Seara, L. (Dres.) (2002). Las estructuras del bienestar, Madrid: Civitas.
- .- Piñeira, M^a. J. e Santos, X. M. (Coords.) (2011). Xeografía de Galicia, Vigo: Xerais.
- .- Rene, V. (Coord.) Informe sobre exclusión y desarrollo social en España (Informe FOESSA), Madrid: Cáritas Española Editores.
- .- Tezanos, J.F. (ed.) (2001): Tendencias en desigualdad y exclusión social, Madrid, Sistema.
- .- Touraine, A. (2005). Un nuevo paradigma para comprender el mundo de hoy, Barcelona: Paidós.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social indícase que as competencias ás que contribúe esta asignatura son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, hacer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que abranguen unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Competencias específicas:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía empregada combina a docencia presencial de clases expositivas e interactivas e ao traballo persoal do alumno/a. Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma e que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

Haberá un exame final será tipo test, correspondente á convocatoria oficial, que é necesario superar para aprobar a materia. Contará con corenta preguntas, con tres opcións de resposta cada unha delas. Para cada pregunta, só unha única opción será válida e verdadeira. Cada pregunta respondida correctamente terá un valor de 0,25 puntos. Será obrigatorio responder como mínimo vinte e cinco preguntas. Admítese un máximo de cinco fallos sen penalización algunha. A partir do sexto erro, cada fallo será sancionado cun desconto de 0,25 puntos.

O exame final liberará o 65% da nota final.

O 35% restante da nota final se corresponderá coa avaliación continua.

No caso de non asistir ás aulas nas que se realizan tarefas puntuábeis, e a ausencia estea xustificada, poden compensarse as tarefas coa elaboración de traballos ou exercicios que lle sexan encomendados polo profesor.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación cando así sexa acordado entre o profesor e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposición: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é fundamental para que o alumnado se familiarice co contido teórico e a dimensión aplicada da materia. Isto, xunto á participación e a implicación do alumnado na aprendizaxe individual e grupal, configuran as claves para un seguimento axeitado dos contidos.

Recomendacións previas: Ter cursada a asignatura Socioloxía Xeral

G3171202 - Psicoloxía do Desenvolvemento no Ciclo Vital (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2013/2014 – Formación Básica

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 36.00
- Clase Interactiva Seminario: 9.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Patricia Iglesias Souto

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer as distintas perspectivas teóricas nas que se basea o estudo do desenvolvemento ao longo do ciclo vital.
- Coñecer as distintas etapas que conforman o ciclo vital e os procesos de desenvolvemento ao longo do mesmo.
- Ser capaz de identificar e comprender os distintos desaxustes e conflitos que xorden nas distintas etapas do ciclo vital.
- Comprender a importancia e influencia do entorno social e cultural nos procesos de desenvolvemento.
- Adquirir hábitos de estudo, de análise crítica e de discusión que promovan a construción activa do coñecemento por parte do alumnado.

Contidos

- I. Aproximación teórica e metodolóxica á Psicoloxía do Desenvolvemento Humano.
- II. Desenvolvemento pre, peri e postnatal.
- III. A infancia e a nenez.
- IV. Adolescencia.
- V. O desenvolvemento na idade adulta.
- VI. A vellez.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Lefrançoise, G.R. (2001). El ciclo de la vida. México DF: Thomson.
- Palacios, J., Marchesi, A. e Coll, C. (Comps). (2001). Desarrollo psicológico y educación. Psicología evolutiva. Vol. I. Madrid: Alianza Editorial.
- Papalia, D.E., Olds, S. e Feldman, R. (2009). Psicología del desarrollo. México DF: McGraw Hill.
- Papalia, D.E., Olds, S. e Feldman, R. (2010). Desarrollo humano. México DF: McGraw Hill.
- Santrock, J. (2006). Psicología del desarrollo: el ciclo vital. Madrid: McGraw Hill.
- Shaffer, D. (2000). Psicología del desarrollo. Infancia y adolescencia. México DF: Thomson.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Berger, K.S. (2004). Psicología del desarrollo. Madrid: Editorial Médica Panamericana.
- Bermúdez, M.P. e Bermúdez, A.M. (Eds.). (2004). Manual de psicología infantil. Aspectos evolutivos e intervención psicopedagógica. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Delval, J. (2008). El desarrollo humano. Madrid: Siglo XXI.
- Dosil, A. (Coord.) (2012). Desarrollo cognitivo, afectivo, lingüístico y social. Madrid: Centro de Estudios Financieros.
- Giménez-Dasí, M. e Mariscal, S. (Coords.). (2008). Psicología del desarrollo desde el nacimiento a la primera infancia. Madrid: McGraw-Hill.
- Rice, F. P. (2000). Adolescencia. Desarrollo, relaciones y cultura. Madrid: Prentice Hall.
- Rodrigo, M.J. e Palacios (Coords.). (2000). Familia y desarrollo humano. Madrid: Alianza Editorial.
- Sierra, P. e Brioso, A. (2006). Psicología del desarrollo. Madrid: Sanz y Torres, SL:
- Triadó, C. e Villar, F. (Coords.). (2006). Psicología de la vejez. Madrid: Alianza Editorial.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Traballo Social, indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Competencias específicas:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como as teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A proposta metodolóxica pretende conxugar o formato maxistral das clases expositivas coas metodoloxías activas e participativas das clases interactivas e co traballo autónomo e a autoaprendizaxe por parte do alumnado.

As actividades presenciais expositivas co grupo clase completo terán como obxectivo introducir e explicar o sentido dos distintos temas da materia, clarificar os conceptos básicos, orientar a realización de traballo e estudo por parte do alumnado, relacionar os distintos contidos e facilitar a aprendizaxe significativa.

As clases interactivas irán encamiñadas a profundizar en aspectos concretos das clases teóricas e consistirán na realización de diferentes actividades a través das cales se pretende que o alumnado aprenda, entre outras cousas, a manexar diferentes fontes de información, a transferir coñecementos teóricos á práctica e a elaborar e presentar informes. A concreción das tarefas que se requirirán así como do material necesario serán presentados ao alumnado nas correspondentes sesións interactivas.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia inclúe:

a) Unha avaliación continuada a través da asistencia, a participación e a realización de traballos nas sesións interactivas, cun peso do 20% na cualificación final (5% asistencia, 15% traballos).

b) A realización dun exame sobre os contidos teóricos e prácticos impartidos, ao que corresponderá o 80% do peso da cualificación final.

Observacións

1. Para poder realizar o exame teórico na convocatoria ordinaria será requisito indispensable a asistencia a, como mínimo o 75% das clases interactivas, así como a realización e entrega en tempo de forma dos traballos solicitados nas mesmas. A ausencia inxustificada ás sesións interactivas conleva a imposibilidade de presentar os traballos ou outros alternativos que se poidesen solicitar como compensatorios.

2. Para superar a materia será imprescindible ter aprobado o exame teórico.

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia seguirá un sistema de avaliación alternativo ao anterior. Dito sistema constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos (90%) e a realización dun traballo titorizado sobre algún/s temas estudados (10%).

Tempo de estudo e traballo persoal

A materia ten un total de 51 horas de clase presenciais distribuídas en clases expositivas co grupo clase, actividades interactivas, guía de orientación do traballo e titorías e probas de avaliación (exame). Estímase que o alumno deberá realizar unhas 99 horas de traballo autónomo para poder superar a materia. Delas, aproximadamente 50 estarán centradas en tarefas de estudo, preparación de material, busca de información e análise de documentos; 15 na elaboración de exercicios, outras 15 deberán dedicarse á lectura de textos e contidos recomendados; as 19 restantes son para a elaboración de traballos, visualización de material, a resolución de dúbidas e problemas na aprendizaxe dos contidos, etc.

Recomendacións para o estudo da materia

Dado o carácter básico da materia e a súa ubicación no plano de estudos, non se indican requisitos previos para a superación da mesma, non obstante, é recomendable ter cursada a materia Fundamentos de Psicoloxía e que o alumno estableza relacións cos contidos propios de ambas materias.

É importante que o alumnado se implique activamente dende o comezo na dinámica e funcionamento da materia para poder superala con éxito. Asemade, recoméndase unha abordaxe comprensiva e significativa da mesma para o que resulta aconsellable a asistencia regular ás clases expositivas.

G3171203 - Dereito e Administración Pública (Ferramentas Legais e Organizativas para o Traballo Social) - Curso 2013/2014 – Formación Básica

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 36.00
- Clase Interactiva Seminario: 9.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesor: Juan Bautista Gerpe Castro

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender os fundamentos dos dereitos sociais e os elementos básicos do sistema da Seguridade Social, a súa estrutura e a súa acción protectora.
- Coñecer e comprender as bases do funcionamento das administracións públicas, en especial na súa relación de servizo cos cidadáns.
- Coñecer o marco legal e os procedementos do exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigas dos cidadáns/ás en relación coa administración pública.
- Ser capaz de integrar no Traballo Social as esixencias que impoñen os marcos legais e as normas de prestación de servizos (incluída a natureza da autoridade, a aplicación práctica da lei, a responsabilidade legal e as tensións entre normas legais, políticas e prácticas).
- Ser capaz de aplicar a normativa da protección de datos de carácter persoal na intervención no Traballo Social.

Contidos

- 1.- Normas relativas á acción protectora da Seguridade Social: distintos tipos de prestacións.
- 2.- Normas relativas ao dereito do Traballo: contrato de traballo, clases e contido; Sindicato e representación dos traballadores na empresa; Convenios Colectivos e Órganos da Administración Laboral.
- 3.- As bases do Dereito Administrativo: delimitación conceptual e configuración constitucional.
- 4.- O Ordenamento administrativo: as fontes do Dereito Administrativo e a interconexión entre Ordenamentos.
- 5.- Os suxeitos do Dereito Administrativo: a Administración Pública. Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administración Local e Administración Institucional. Organización Administrativa. Procedemento Administrativo. Acto administrativo e revisión dos actos administrativos.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA:

Borrajo, E. (2011). Introducción ao dereito do Traballo. Madrid: Tecnos.

Adestra, R. (1986). Curso de Dereito Administrativo. Madrid: Tecnos.

Fernández Ramos, S. e Gamero, E. (2010). Manual básico de Dereito Administrativo. Madrid: Tecnos.

Fernández Rodríguez, T. e García de Enterría, E. (2011). Curso de Dereito Administrativo. Madrid: Civitas.

Gárate, J. (2007). Lecturas sobre o réxime xurídico do contrato de traballo. Oleiros: Netbiblo.

Gorelli, J.; Rodríguez Ramos, M^a J. e Vílchez, M. (2003). Sistema de Seguridade Social. Madrid: Tecnos.

Morell, L. (1998). Curso de Dereito Administrativo. Madrid: Aranzadi.

Parada, R. (2010). Dereito Administrativo. Madrid: Marcial Pons.

Sánchez Morón, M. (2011). Dereito Administrativo. Madrid: Tecnos.

Santamaría, J. A. (2009). Principios de dereito administrativo. Madrid: Iustel.

TEXTOS XURÍDICOS DE CONSULTA BÁSICA:

- LEI XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.
- ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
- CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.
- ESTATUTO DE AUTONOMÍA PARA GALICIA.

Competencias

Competencia Xenérica:

.-Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Competencias específicas:

.- Ter a capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.

.-Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

Competencias transversais:

- .- Capacidade de análise e síntese
- .- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- .- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- .- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

No estudo da materia empregaranse os seguintes métodos docentes:

- Docencia expositiva
- Docencia interactiva
- A través das titorías asesorarase ao alumnado.

Sistema de avaliación.

A avaliación do alumnado levarase a cabo a través dos seguintes instrumentos:

- Realización de exame final escrito, que terá un valor dun 85% sobre a cualificación global.
- Asistencia ás clases interactivas e participación en debates, realización e presentación de traballos escritos, cun valor equivalente a un 15% sobre a cualificación global.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas que puntúen, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, estas tarefas poden compensarse coa elaboración de traballos e exercicios que sexan encomendados polo profesor. Unha vez que se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto co profesor para o encargo da tarefa compensatoria

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de Asistencia a Clases nos Ensinos Adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases, e teña concedida dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización e defensa dun traballo. A temática e a metodoloxía que hai que seguir, para esta compensación, será acordado entre o profesor e o alumnado.

Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo de estudo e traballo persoal estimado que debe dedicar un estudante para a superación da asignatura é dun total de 99 horas distribuídas do seguinte modo:

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.

Exercicios: 15 horas.

Lectura de textos: 15 horas.

Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas.

Preparación de exposicións: 4 horas.

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumno poida ir construíndo o corpo teórico da asignatura necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para situar ao alumno en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da asignatura manteña un contacto periódico co profesor para aclarar e orientar sobre a bibliografía necesaria para afondar en aspectos de maior interese.

Recomendación previa: ter cursada a asignatura de Fundamentos de Dereito.

G3171221 - Teorías e Modelos de Intervención en Trabajo Social (O Trabajo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Tutorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Patricia Iglesias Souto

Programa

Objetivos da materia

- Coñecer e comprender críticamente as diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas en Trabajo Social.
- Ser capaz de analizar a natureza das relacións entre profesionais e usuarios, e as potencialidades e dificultades que as marcan, tendo en conta os aspectos relativos ao xénero e á diversidade cultural.
- Coñecer e ser capaz de aplicar os métodos específicos para diferentes ámbitos de atención.
- Coñecer os modos de implicar aos usuarios dos servizos de Trabajo Social para incrementar os seus recursos, a súa capacidade e o seu poder para influír nos factores que afectan ás súas vidas.

Contidos

- I. Introducción aos modelos de intervención en Trabajo Social
- II. O modelo psicosocial
- III. O modelo de solución de problemas
- IV. O modelo conductista
- V. O modelo cognitivista
- VI. O modelo sistémico
- VII. O modelo centrado na tarefa
- VIII. O modelo de intervención en crise
- IX. Outros modelos de intervención en Trabajo Social

Bibliografía básica e complementaria

BÁSICA:

- Escartín, M.J. (1992). Manual de Trabajo Social. Modelos de práctica profesional. Alicante: Aguacilara.
- Fernández García, T. (Coord.) (2009). Fundamentos del Trabajo Social. Madrid: Alianza Editorial.
- Fernández García, T. e Ponce de León, L. (2012). Trabajo Social individualizado. Metodología de intervención. Madrid: Ediciones Académicas, S.A.
- Payne, M. (1995). Teorías contemporáneas de Trabajo Social. Una introducción crítica. Barcelona: Paidós.
- Pra, M. dal. (2000). Modelos teóricos del Trabajo Social. Buenos Aires: Lumen-Humanitas.
- Ranquet, M. du. (1996). Los modelos en Trabajo Social. Intervención con personas y familias. Madrid: Siglo XXI.
- Viscarret, J.J. (2007). Modelos y métodos de intervención en Trabajo Social. Madrid: Alianza Editorial.

COMPLEMENTARIA:

- Howe, D. (1999). Dando sentido a la práctica. Granada: Maristán.
- Lascorz, A. (1995). Modelos de intervención en Trabajo Social. Área Social, 1, 125-135.
- Navarro, C.J. (Coord.). (2004). Intervención metodológica en Trabajo Social. Estrategias de intervención y contexto en Trabajo social. Zaragoza: Libros Certeza.
- Turner, F.J. (2011). Social work treatment. Inerlocking theoretical approaches. Oxford: Oxford University Press.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grao en Trabajo Social indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

- a) Competencias xerais:

1. Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento en este campo.

2. Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

3. Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe nel ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

b) Competencias específicas

1. Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias.

2. Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

3. Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais.

4. Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.

c) Competencias transversais

1. Capacidade de análise y síntese

2. Capacidade de comunicación oral e escrita

3. Capacidade de razoamento crítico

4. Capacidade de aprendizaxe autónomo

5. Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combinará a docencia expositiva e interactiva co traballo do alumnado fóra da aula, promovendo a aprendizaxe autónoma e significativa.

Preténdese que os alumnos participen activamente na construción do coñecemento a través do manexo da bibliografía e da resolución de casos aos que deberá aplicar destrezas de observación, análise e interpretación da información.

A través das titorías asesorarase ao alumnado no desenvolvemento das actividades propostas promovendo a autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia descansa sobre:

1) A realización dun exame acerca dos contidos teóricos impartidos, ao que corresponderá o 60% do peso na cualificación final.

2) Unha avaliación continua a través da asistencia, a participación e a realización de traballos nas sesións interactivas, cun peso do 40% na cualificación final (10% asistencia e 30% traballos).

Os alumnos que teñan concedida a dispensa de asistencia seguirán un sistema de avaliación alternativo, que lles concretará a profesora.

Observacións:

1. Os alumnos deberán ter acreditada, como mínimo, a asistencia ao 70% das clases interactivas para poder realizar o exame teórico na convocatoria ordinaria. A ausencia inxustificada ás clases conleva a imposibilidade de presentar os traballos correspondentes ou outros que se solicitasen como compensatorios.

2. Será necesario ter aprobados tanto o exame como a avaliación continua para superar a materia.

Sistema de recuperación:

- Recuperación do exame: na data oficialmente establecida.

- Recuperación da avaliación continua: a) proba escrita, e b) presentación dos traballos que se estipulen. A parte correspondente á asistencia a clase (10%) é irrecuperable.

- Neste curso, as persoas que teñan superada unha parte da materia e a outra suspensa, só terán que realizar a recuperación desta última, gardándose a cualificación da parte aprobada.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposicións. 4 horas

Total: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial das clases expositivas e interactivas co traballo persoal dos estudantes. A asistencia a clase é clave para que o alumno/a poida construír o corpo teórico da asignatura.

A participación en clase é fundamental para a integración dos contidos e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase manter un contacto periódico coa profesora da materia, así como levar os contidos ao día.

Do mesmo xeito, recoméndase ter cursadas as materias de: Fundamentos de Traballo Social, Historia de Traballo Social e Ética e Traballo Social.

G3171222 - Traballo Social con Comunidades (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Purificación García Álvarez

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con comunidades para promover cambios e desenvolver as súas capacidades e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Coñecer os xeitos de intervir con organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca de seus necesidades, circunstancias, penedos, opcións preferentes e recursos, e para promover a participación dous usuarios nos procesos e servizos de Traballo Social.
- Ser capaz de consultar e cooperar con outros, incluídos os usuarios de servizos, comunicando a través das diferenzas tales como límites institucionais e profesionais e as diferenzas de identidade ou linguaxe.
- Ser capaz de promover redes sociais para facer fronte as necesidades.
- Ser capaz de desenvolver os métodos de intervención comunitaria en Traballo Social de maneira que a poboación implíquese na busca de solucións comúns para a mellora das condicións de vida en clave solidaria e de sostibilidade ecolóxica e social.
- Ser capaz de defender as organizacións e comunidades e actuar non seu nome se a situación ou require.
- Ser capaz de identificar os comportamentos de risco.
- Ser capaz de detectar e afrontar situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados

Contidos

- I.- Enfoques teóricos e estratexias de análise e intervención comunitaria.
- II.- Procesos de construción do Traballo Social comunitario, principios, obxectivos, ámbitos e roles profesionais.
- III.- Estratexias de participación cidadá.
- IV.- Métodos, técnicas e instrumentos para analizar, valorar e intervir con comunidades e as súas redes.
- V.- Técnicas de elaboración de diagnósticos participativos, planificación da intervención e execución

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica:

- .- Ander-Egg, E. (1987). La problemática del desarrollo de la comunidad. Buenos Aires: Humanitas.
- .- Barbero, J.M. e Cortés, F. (2005). Trabajo Comunitario y Desarrollo social. Madrid: Alianza Editorial.
- .- Escartín, J., García, M., LLadonosa, M., Martínez, E. e Pastor, E. (2010). Trabajo Social Comunitario en Servicios Sociales y política Social nº 91
- .- Fantova, F. (2005). Manual para la gestión de la intervención social. Madrid: Ed. CCS.
- .- Fernandez, T. e Lopez, A. (2008). Trabajo Social comunitario: afrontando juntos los desafíos Del siglo XXI. Madrid: Alianza Editorial.
- .- Kisnerman, N. (1990). Comunidad. Buenos Aires: Humanitas.
- .- Lillo, N. e Roselló, E. (2001). Manual para el Trabajo Social Comunitario. Madrid:Narcea.
- .- Marchioni, M. (2001). Comunidad, participación y desarrollo. Teoría y metodología de la .- intervención comunitaria. Madrid: Popular.
- .- Marchioni, M. (2001). Comunidad y cambio social. Teoría y praxis de la acción comunitaria. Madrid:Popular.

Bibliografía complementaria:

- .- Robertis, de C. (1994). Intervención colectiva en Trabajo Social. Trabajo con grupos y comunidades. Buenos Aires: Ateneo.

- López, P. (1998). Un método para la investigación-acción participativa. Madrid: Popular.
- Nogueiras, L.M.(1996). La práctica y la teoría del Desarrollo Comunitario. Madrid: Narcea.
- Quintana, J.Mª. (1985). Fundamentos de Animación Sociocultural. Madrid:Narcea.
- Rezsóhazy, R. (1988); El desarrollo comunitario. Participar, programar, innovar. Madrid: Narcea.
- Trigueros, I. (1991); Manual de prácticas de Trabajo Social Comunitario en el movimiento ciudadano. Madrid: Siglo XXI.
- Xunta de Galicia.(1996). Experiencias de Trabajo Comunitario en Galicia. Santiago de .- Compostela: Xunta de Galicia (Col. Drogodependencias, 19).

Competencias

Competencias Xerais:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Competencias Específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.
- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais, para a promoción do cambio e a resolución de problemas nas relacións humanas..- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando a subministración de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
- Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio a que poidan acceder e desenvolver.
- Adquirir facultades para promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersonal.
- Coñecer e utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa e complementaria de conflitos en diversos ámbitos, tales como o familiar, escolar, comunitario e intercultural.
- Ter capacidade para apoiar ás persoas para que sexan capaces de manifestar as necesidades, puntos de vista e circunstancias.
- Desenvolver habilidades para defender ás persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o require.
- Ter capacidade para actuar na resolución das situacións de risco coas persoas así como para as propias e as dos colegas de profesión.
- Diferenciar e actuar na resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza do mesmo.
- Ter capacidade para administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización.
- Desenvolver aptitudes para traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e multiorganizacionais col propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles desacordos existentes
- Capacidade de análise e síntese

- .- Capacidade de comunicación oral e escrita
- .- Capacidade de resolución de problemas
- .- Capacidade de traballo en equipo
- .- Capacidade para as relacións interpersoais
- .-Capacidade de recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade
- .- Capacidade de razoamento crítico
- .- Capacidade de compromiso ético
- .- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- .- Capacidade de liderazgo
- .- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A docencia expositiva ten asignadas sesións, distribuídas á longo do cuadrimestre. A súa finalidade é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva de dos horas, distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías se asesora ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/o alumno/a, que supón un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha modalidade mixta, conformada pola avaliación continua e pola realización dunha proba liberatoria e exame final.

Realizarase unha proba escrita liberatoria de toda a materia nos últimos días do cuadrimestre, a la que so poderán presentarse, os alumnos que teñan cursados en tempo e prazo establecido os prácticos feitos na aula. No caso de non superala ou non presentarse a ela, o alumnado será avaliado nas convocatorias finais de exames.

En ambos os dous casos, o peso das probas escritas é dun 70,0% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é dun 30%.

Cómpre acadar unha puntuación mínima dun 4 no exame para poder sumar a puntuación da avaliación continua.A materia estará aprobada cando se chegue ao total de 5.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA:

Asistencia ás clases interactivas: 1 punto

Traballo grupal dun estudo comunitario a concretar coa profesora: 1 punto

Elaboración de prácticos realizados nas clases: 1 punto

TOTAL: 3,0 ptos. Cómputo a valorar na cualificación final

A asistencia a clases interactivas se gradúa da seguinte maneira:

- O 100% das asistencias: 1 punto

- O 90% das asistencias: 0,9 ptos

- O 80% das asistencias: 0,8 ptos

- O 70% das asistencias: 0,7 ptos

menos do 70% das asistencias no puntúan.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e as causas por que se pode xustificar as faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno dá USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir as clases interactivas, e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización dun traballo. A temática e a metodoloxía que hai que seguir, para esta compensación, será acordada entre a profesora e a alumno.

Poderán darse cambios, sempre beneficiosos para a aprendizaxe do alumno, na avaliación continua, desde que se chegue a acordos entre a profesora e os alumnos.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumno/a:

Estudo autónomo individual ou en grupo.....50 horas

Exercicios.....15 horas

Lectura de textos..... 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material20 horas

Outras tarefas propostas como acceso a páxinas web, sondaxe e comentario de noticias..... 4 h.

Total..... 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

- A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctico.

- A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

- Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundar nas parcelas de maior interese para o/o alumno/a.

Ter cursadas as materias de Fundamentos do Traballo social; Historia do Traballo Social e Ética e Traballo Social

2º Cuadrimestre

G3171223 - Servizos Sociais Comunitarios (O Contexto Institucional do Traballo Social) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: M^a Jesús Castro Neo

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender a estrutura e organización dos Servizos Sociais comunitarios a nivel autonómico e local.
- Ser capaz de detectar os mecanismos de exclusión e discriminación no acceso á protección social e plantexar fórmulas para corríxilos no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios.
- Coñecer e comprender o desempeño profesional dos/as traballadores/as sociais nos Servizos Sociais comunitarios.

Contidos

- I.-Os Servizos Sociais en relación á Política Social e o Benestar Social. Desenvolvemento dos Servizos Sociais en España.
- II.- Estrutura e organización dos Servizos Sociais. Configuración dos Servizos Sociais no ámbito das Administracións.
- III. -Marco xurídico básico do Sistema de Servizos Sociais. Marco legislativo dos Servizos Sociais Comunitarios en Galicia.
- IV. -O Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais.
- V. -Mecanismos de provisión dos Servizos Sociais. Organización dos Servizos Sociais comunitarios.
- VI. -O servizo de axuda no fogar
- VII. -O Traballo Social nos Servizos Sociais comunitarios

Bibliografía básica e complementaria

- Alemán,C. e Garcia Serrano, M.(1999).Fundamentos de Bienestar Social. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Alonso Seco, J.M.e Gonzalo Gonzalez, B.(2000).La asistencia social y los servicios sociales en España, Madrid: Boletín Oficial del Estado.
- Casado,D.(1994).Introducción a los servicios sociales. Madrid: Popular S.A.
- Casado,D. e Desdentado, A.(1979).Descentralizar los Servicios Sociales. Madrid: Marsiega.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales (1986)De la Beneficiencia al Bienestar Social, cuatro Siglos de Acción Social. Madrid:Siglo XXI, Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales. (1987).Servicio Social de Ayuda a Domicilio. Madrid: Ed. Siglo XXI - Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales.

-De la Red ,N.(1996).La intervención integral en municipios menores de 20.000 habitantes. Salamanca: Junta de Castilla y León, Mº de Trabajo y Asuntos Sociales, Universidad de Valladolid.

-Del Valle Gutierrez, A. (1986).El modelo de Servicios Sociales en el Estatuto de las Autonomías. Repercusión del modelo de Servicios Sociales en la formación de los Trabajadores Sociales. Madrid. Ed: Siglo XXI de España Editores S.A. Fundación IESA.

-Fernandez Garcia,T. y Ares Parra, A.(2002). Servicios Sociales: Dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza.

-Garces, J. (1996).Sistema Político y administrativo de los Servicios Sociales. Valencia: Tirant lo Blanch.

-Garces, J. y Aleman,M. C.(1996).Administración social: servicios de Bienestar Social. Madrid. Ed. : Siglo XXI de España Editores, S.A.

-Garcia, G.(1998).Los centros de Servicios Sociales. Madrid: Siglo XXI y Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales

-Lopez,M.(1997).Sistema de Registro en Servicios Sociales Comunitarios. Malaga: Universidad de Malaga.

-Muñiz de las Cuevas,R.(1996).O Pobo oculto: pobreza e acción social en Galicia, Vigo: A Nosa Terra.

Competencias

Na Memoria do Título de Grao en Traballo Social sinálase que esta materia contribúe a conseguir as seguintes competencias, para acadar os obxectivos propostos para a titulación:

Competencias xenéricas:

- . -Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- . -Ter desenvolvido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- . -Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.
- . -Adquirir facultades para contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.
- . -Adquirir habilidades para participar na xestión e dirección de entidades de benestar social.
- . -Coñecer e aplicar as boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que as implementan.

Competencias transversais:

- . -Capacidade de análise e síntese.
- . -Capacidade de comunicación oral e escrita.
- . -Capacidade de razoamento crítico.
- . -Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- . -Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A docencia está organizada en 27 horas distribuídas en sesións na aula e impartidas ao grupo grande. Outras 18 horas a cada grupo nos que se subdivide o grupo grande, distribuídas ao longo do período lectivo en 9 sesións na aula (de 2 hora de duración cada unha). Nas sesións na aula para todo o grupo a docencia será de tipo expositivo, e será de tipo interactivo nos grupos pequenos.

Docencia expositiva: A través de exposicións na aula e dando lugar á participación, a profesora explicará aspectos básicos e centrais de cada tema establecido no programa, achegando información esencial e delimitando conceptos, resaltando os aspectos relevantes e as relacións entre eles.

Docencia interactiva: O alumnado individualmente ou organizado en equipos de traballo desenvolverá actividades que requirirán unha participación activa na construción do seu propio coñecemento. Realizarase a lectura/visionado e análise de textos ou material audiovisual con debate titorizado e/ou preguntas na aula. Utilización de bibliografía, fontes estatísticas ou outros materiais vinculados ao programa académico e complementarios á teoría impartida na materia, ben proporcionadas pola profesora ou buscados e achegados polo alumnado, con exposicións por parte deste dos traballos a realizar na aula e segundo as pautas específicas a indicar pola profesora.

A través das Titorías se orienta e asesora sobre as actividades e tarefas propostas ao alumnado. Así mesmo resolveranse dúbidas que se lle poidan presentar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

Sistema de avaliación

A valoración da aprendizaxe enténdese como un proceso a través do que se comproba o nivel do logro en relación aos obxectivos sinalados. Toda valoración a realizar responde a unha parte do contido do programa das materia.

A avaliación da materia farase mediante unha avaliación continua e a realización dunha proba parcial e examéns finais.

A proba escrita e exames finais oficiais terán un valor do 75% sobre a cualificación global, e será necesario alcanzar unha puntuación mínima de 4 para poder sumar a puntuación obtida na avaliación continua.

A avaliación continua terá un valor do 25%, e realizarase sobre actividades do alumnado elaboradas a nivel individual ou grupal nas sesións interactivas, e sobre a base de:

0,5 PUNTOS POR:

.- A asistencia a clases interactivas

9 asistencias: 0,5 ptos.

8 asistencias: 0,4 ptos.

7 asistencias: 0,3 ptos.

6 asistencias: 0,2 ptos

5 asistencias: 0,1 ptos

4 ou menos asistencias: 0 ptos.

2 PUNTOS POR:

. -Elaboración de traballos e/ou exposición destes na aula

. -Lectura e análise de textos, e/ou visionado e análise de material audiovisual

. -Intervencións, reflexións, e análise sobre cuestións formuladas na aula

As actividades realizadas na aula non son recuperables fora das sesións docentes establecidas, agás que a non asistencia estea xustificada dentro dos supostos legais establecidos.

Teranse en conta para valorar as actividades anteriores criterios como:

. -Participación activa en clase, tanto espontánea como estruturada, e calidade destas

. -Capacidade creativa

. -Entrega en prazo das actividades propostas

A USC é unha universidade presencial, e o alumnado ten deber de asistir regularmente ás actividades lectivas programadas.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo Centro. O prazo e as causas polas que se pode xustificar a non asistencia a clase son as establecidas na Regulación que para tal efecto aprobou a USC e as normas propias do Centro.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación de faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

Na situacións previstas que imposibilitan manter a dinámica da avaliación continua presencial o alumnado poderá solicitar a dispensa de asistencia, polo procedemento establecido polo Centro e nos prazos fixados. Nestas situacións realizaranse as actividades que oportunamente se fixen co correspondente sistema de avaliación.

Os traballos individuais ou grupais realizados polo alumnado terán que ser orixinais. Calquera traballo copiado suporá un suspenso na materia ata a seguinte convocatoria. Para os efectos de avaliación un mesmo traballo non poderá ser utilizado en varias materias, salvo que as actividades se programen de forma coordinada.

Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

. -Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

. -Exercicios: 15 horas

. -Lectura de textos: 10 horas

. -Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

. -Preparación de exposicións orais: 4 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para posicionar ao alumno/a no contexto profesional dentro dos servizos sociais comunitarios.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto coa profesora encargada da docencia para aclarar e orientar sobre bibliografía necesaria para afondar en aspectos de maior interese para o alumnado.

Observacións

A materia pertence á Materia "Servizos Sociais" dentro do Módulo "O contexto institucional do traballo social".

Recoméndase ter cursadas as materias "Historia dos Sistemas de Benestar Social" e "Fundamentos de Política Social"

G3171224 - Investigación e Diagnose en Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesoras: Teresa Facal Fondo
M^a Elena Puñal Romarís

Objetivos da materia

- Ser capaz de aplicar os diferentes modelos de investigación, diagnóstico e avaliación en Traballo Social ao longo das diversas fases.
- Comprender a relación entre investigación, diagnóstico, avaliación e práctica do Traballo Social.
- Ser capaz de utilizar os métodos e técnicas para a avaliación de necesidades, capacidades, oportunidades e riscos das persoas usuarias, de grupos e comunidades, incorporando no proceso a participación de persoas ou grupos interesados.
- Ser capaz de analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como base para revisar e mellorar as estratexias profesionais.
- Saber aplicar o coñecemento sobre boas prácticas en Traballo Social.
- Ser capaz de aplicar os modelos e métodos de valoración, incluíndo os factores que subxacen á selección e verificación da información relevante, a natureza do xuízo profesional e os procesos de avaliación de riscos.
- Ser capaz de interpretar datos sobre necesidades e problemas sociais, e sobre os resultados do Traballo Social, desde unha perspectiva non androcéntrica nin etnocéntrica.

Contidos

- I.- Natureza e finalidade do estudo/investigación na intervención desde o Traballo Social. Secuencia do proceso.
- II.- Avaliación de necesidades: perspectivas teórico-metodolóxicas.
- III.- Construción e análise de indicadores de necesidade.
- IV.- Diagnóstico: natureza, finalidade e elementos constitutivos. Diferentes enfoques.
- V.- Toma de decisións: proceso e técnicas

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Aguilar, M. J. e Ander Egg, E. (1995). Diagnóstico Social. Conceptos y Metodología Buenos Aires: Lumen.

Callejo, J. e Viedma, A. (2006). Proyectos y estrategias de Investigación Social. La perspectiva de la intervención. Madrid: McGraw-Hill.

Callejo, J. (Coord.) e outros (2009). Introducción a las técnicas de investigación social. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces.

Escalada, M., Fernández, S., Fuentes, M.P., Koumrouyan, E., Martinelli, L. e Travi, B. (2001). El Diagnóstico Social. Proceso de conocimiento e intervención profesional. Buenos Aires: Espacio Editorial.

Rubio, M.J. e Varas, J. (1997). El análisis de la realidad en la intervención social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid: CCS.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Ander Egg, E. (1987). Investigación y Diagnóstico para el Trabajo Social. Buenos Aires: Humanitas.

Ander Egg, E. (1989). Técnicas de Investigación Social. Buenos Aires: Humanitas.

- Fernández García, T. e Ponce, L. (2011). Trabajo social con familias. Madrid: Ediciones Académicas.
- Fernández García, T. e Ponce, L. (2012). Trabajo social individualizado. Metodología de intervención. Madrid: Ediciones Académicas.
- García Herrero, G.A. (2008). Reflexiones y utilidades sobre el diagnóstico social y la programación de la intervención social. Ecos de Mary Richmond. Revista de Servicios Sociales y Política Social. 83, 9-38.
- Jacob, A. (1985). Metodología de la Investigación Acción. Buenos Aires: Humanitas.
- Kisnerman, N. e Gómez, M.I.G. (1982). El Método: Investigación. Buenos Aires: Humanitas.
- Kisnerman, N. (Coord.) (1984). El Método: Intervención transformadora. Madrid, Ed. Humanitas.
- López Ceballos, P. (1987). Un Método para la Investigación-Acción-Participación. Madrid: Popular.
- Martín Muñoz, M. (2003). Manual de indicadores para el diagnóstico social. Recuperado o 25 de maio de 2010 de www.diagnosticosocial.com
- Ovejas, C. (2008). Herramienta de diagnóstico e intervención social. Revista de Servicios Sociales y Política Social, 83, 47-68.
- Perelló, S. (2009). Metodología de la investigación social. Madrid: Dykinson S.L.
- Pérez Cardoso, M., Penedo, A., Vaiño, N. e Vicente, E.(2000). Valoración por obxetivos e potencialidades en Trabajo Social. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Piñeiro, A. (1991). Establecimiento de un sistema de evaluación de los servicios sociales. Indicadores. Valencia: Conselleria de Treball i Seguretat Social.
- Ranquet, M. du (1996). Los modelos en Trabajo Social. Intervención con personas y familias. Madrid: Siglo XXI.
- Red, N. de la (1993). Aproximaciones al Trabajo Social. Madrid: Siglo XXI.
- Robertis, C. de (1988). Metodología de la Intervención en Trabajo Social. Buenos Aires: Ateneo.
- Rodríguez Gómez, G., Gil Flores, J. y García Jiménez, E. (1996). Metodología de la investigación cualitativa. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Rossi, P. H y Freeman, H. E. (1989). Evaluación. Un enfoque sistemático para programas sociales. México: Trillas.
- Rozas, M (1998). Una perspectiva teórica metodológica de la intervención en Trabajo Social. Buenos Aires: Espacio Editorial.
- Rueda, J. M (1993). Programar, Implementar proyectos y Evaluar. Instrumentos para la acción. Zaragoza: Certeza.
- Scaran, M T. e Genisans, N. (1986). El Diagnóstico Social. Buenos Aires: Humanitas.
- Tobon, M.C. Rottier, N. e Manrique, A. (1986). La práctica profesional del trabajador social. Buenos Aires: Humanitas

Competencias

No Plan de Estudos do Título de Grado en Trabajo Social indícase que as competencias a que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Trabajo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

.-Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica, ou ética.

- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Trabajo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de creatividade
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas e interactivas e o traballo persoal do/a alumno/a. Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma e que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación dun exame escrito.

Realizarase unha proba escrita eliminatoria da materia. Para poder presentarse á proba liberatoria é necesario contar cunha asistencia a clase igual ou superior ao 50%, tanto das clases expositivas como das clases interactivas. Asistencia contabilizada ata quince días antes da realización de dita proba.

A avaliación mediante exames ten un peso do 65% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 35%.

É necesario acadar a cualificación mínima de Apto nos exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua.

PUNTUACIÓN MÁXIMA DA AVALIACIÓN CONTINUA: 3,5 ptos.

- Asistencia ás clases: 1 pto. (Clases expositivas: 0,5 e clases interactivas: 0,5)
- Tarefas prácticas: 2,5 ptos.

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa práctica e por días de asistencia ás clases.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios que lle sexan encomendados polas profesoras. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coas profesoras para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

SISTEMA DE CONTROL DE ASITENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coas profesoras.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposición: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coas profesoras encargadas para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundizar nas parcelas de maior interese para o/o alumno/a.

Recomendacións previas: Ter superadas as asignaturas de Fundamentos de Traballo Social e Socioloxía Xeral.

G3171225 - Habilidades Sociais e de Comunicación en Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 18.00
- Clase Interactiva Seminario: 27.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Purificación García Álvarez

Obxectivos da materia

- Adquirir destrezas para as relacións interpersonais no Traballo Social e na actividade profesional en xeral, en especial no terreo da entrevista persoal, as reunións e sesións grupais e a exposición ante un público.
- Adquirir destrezas para establecer unha relación empática e unha comunicación efectiva con outras persoas, e de forma especial con aquelas que presenten necesidades de comunicación.
- Ser capaz de realizar unha escoita activa e de entrar na relación axeitada coas experiencias vitais dos usuarios dos servizos, de entender correctamente o seu punto de vista e de superar prexuízos persoais para responder axeitadamente a unha serie de situacións persoais e interpersonais complexas.
- Ser capaz de utilizar claves verbais e non verbais para guiar a interpretación.
- Ser capaz de establecer relacións profesionais a obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención e de clarificar e negociar a finalidade de tales contactos e dos límites da súa implicación.
- Ser capaz de xestionar un debate e avaliar os puntos de vista e as probas aportadas por outros.
- Ser capaz de preparar e tomar parte activa en reunións de decisións.
- Ser capaz de participar dentro de redes e equipos interdisciplinares e interinstitucionais co fin de establecer acordos de cooperación, e abordar de maneira construtiva os posibles desacordos.

Contidos

I.- Concepto de habilidade social e dos elementos que a compoñen.

II.- A comunicación interpersonal, grupal e intergrupala.

III.- Comunicación verbal e non verbal. Habilidades e destrezas comunicativas: escoita activa, expresión de sentimentos, relación empática, asertividade, xestión e resolución de conflitos.

IV.- A entrevista no Traballo social. Traballo en redes e en equipos interdisciplinares.

V.- Falar en público. Dirección de reunións. Toma de decisións. Xestión de debates.

Bibliografía básica e complementaria

- .-Acebo, A. (1992). Trabajo Social en los servicios sociales comunitarios. (Col. Trabajo Social, serie cuadernos) Madrid: Siglo XXI.
- .-Biestek. S.J. (1966); Las relaciones de "Casework". (Col. Psicología y educación). Madrid: Aguilar. (e.o.l.1963).
- .-Borrei I Carrio, F. (1998). Manual de la entrevista clínica. Madrid: Harcourt Brace de España.
- .-Castillo, S.e Sanchez, M. (2009). Habilidas Sociales, modulo transversal. Barcelona: Altamar.
- .-Escoba, E. (2013). Habilidades sociales y de comunicación del Trabajo Social. Valencia: Tirant Humanidades.
- .-Escartín. Mª J. e Palomar V. M. (1997). Introducción al Trabajo Social II. Trabajo Social con Individuos y Familias. (Col. Amalgama) Madrid: Aguaclara.
- .-Estanqueiro, A. (2006). Principios de comunicación Interpersonal, Para saber tratar con las personas. Madrid: Nancea.
- .-García, G. e Ramirez, J.M. (2001). Imagen y comunicación en temas sociales. Zaragoza: Certeza.
- .-Hosstadt (van-der) e Roman, C. (2008). El libro de las Habilidades de Comunicación. 2ª ed.: s.l. Diaz de Santose
- .-Ituarte, A. (1997). Técnicas de Intervención Directa en Trabajo Social. Policopiado.
- .-Maya, I., García, M. e Santolaya F.J. (2007). Estrategias de intervención Psicosocial. Madrid: Pirámide.
- .-Rossell, T. (1993). La entrevista en el Trabajo Social. 3ª ed. (Col Euge). Barcelona: Ed. Hogar del libro, S.A.
- .-Salberger-Wittemberg, I. (1970). La relación asistencial " Aportes del psicoanálisis Kleiniano". Buenos Aires: Ed. Amorrortu.

- .-Trevithick, P. (2002). Habilidades de comunicación en intervención social. Madrid: Nancea.
- .-Tizon, J. (1982): Una psicología basada en la relación. Barcelona: Ed. HORA S.A. Policopiado.
- .-Verderber, R. e Verderber, K. (2009). ¡Comunícate!. México: Cengage Learning.
- .-Zamanillo, T. (2008). Trabajo Social con grupos y pedagogía ciudadana. Madrid: Ed. Síntesis.

Competencias

Competencias xerais:

- .- Saber aplicar os coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atañen a o Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- .- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.
- .- Ser capaces de transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas a o Traballo Social a un público tanto especializado como non especializado.
- .- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía

Competencias específicas:

- * Ter a capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades, as súas necesidades e circunstanciais, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade de a sociedade para incrementar o benestar e a cohesión:
 - Establecer relacións profesionais a obxecto de identificar a forma máis adecuada de intervención.
 - Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
 - Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- * Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais, para a promoción do cambio e a resolución de problemas nas relacións humanas:
 - Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os resultados.
 - Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións da vida por medio da utilización dos métodos e modelos do Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co obxecto de preparar a finalización da intervención.
 - Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o suministro de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas o obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
 - Adquirir facultades para promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal.
- * Ter capacidade para apoiar as persoas para que sexan capaces de manifestar ás necesidades, puntos de vista e circunstancias:
 - Desenvolver habilidades para defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome si a situación o require.
 - Saber preparar e participar nas reunións de toma de decisións o obxecto de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades.
- * Ter capacidade para integrar os principios e normas do Código Deontolóxico do Traballo Social e demostrar competencia no exercicio del mesmo:
 - Saber traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando a asertividade profesional para xustificar as propias decisións, reflexionando críticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio de responder ás necesidades do desenvolvemento profesional.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersoais
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de compromiso ético
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de creatividade
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A docencia expositiva ten asignadas sesións na aula, distribuídas ó longo do cuadrimestre. A súa finalidade é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva de 9 sesións de dúas horas, distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías se asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/o alumno/a, que supón un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realizarase mediante unha modalidade mixta, conformada pola avaliación continua e pola realización dunha proba liberatoria e exame final.

Realizarase unha proba escrita liberatoria de toda a materia nos últimos días do cuadrimestre, á que só poderán presentarse, os alumnos que teñan cursados en tempo e prazo establecido os prácticos feitos na aula. No caso de non superala ou non presentarse a ela, o alumnado será avaliado nas convocatorias finais de exames.

En ambos os dous casos, o peso das probas escritas é dun 60,0% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é dun 40%.

Cómpre acadar unha puntuación mínima dun 3,5 no exame para poder sumar a puntuación da avaliación continua. A materia estará aprobada cando chegue ao total de 5.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA:

Asistencia ás clases interactivas: 1 punto

Traballo grupal a concretar coa profesora: 1,5 puntos

Elaboración de prácticos realizados nas clases interactivas: 1,5 puntos

TOTAL: 4,0 pts.

A asistencia a clases interactivas se gradúa do seguinte xeito:

- O 100% das asistencias: 1 punto
- O 90% das asistencias: 0,9 pts
- O 80% das asistencias: 0,8 pts
- O 70% das asistencias: 0,7 pts
- O 60% das asistencias: 0,6 pts

menos do 60% das asistencias non puntúan.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e as causas polas que se pode xustificar ás faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno dá USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases interactivas, e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización dun traballo. A temática e a metodoloxía que hai que seguir, para esta compensación, acordarase entre a profesora e o/a alumno/a.

Poderanse dar cambios, sempre beneficiosos para a aprendizaxe do alumno, na avaliación continua, no momento en que se chegue a acordos entre a profesora e os alumnos.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumno/a:

Estudo autónomo individual o en grupo.....40 horas

Exercicios.....20 horas

Lectura de textos..... 10 horas

Elaboración de traballos, visualización do material25 horas

Outras tarefas propostas como, estudo de diferentes tipos de grupos, sondaxe dos grupos a os que se pertence e comentario de noticias..... 4 h.

Total..... 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

- A asistencia as clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta o aprendizaxe práctico.
- A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.
- Recoméndase ao alumnado que para o desenvolvemento temporal da materia se manteña en contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundizar nas parcelas de maior interese para o/a alumno/a.

Ter cursadas as materias de Fundamentos de Traballo social; Historia de Traballo Social e Ética e Traballo Social.

G3171226 - Traballo Social e Saúde (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 36.00
- Clase Interactiva Seminario: 9.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesor: Rubén González Rodríguez

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer o marco normativo, estrutura e funcionamento do sistema sanitario.
- Coñecer e comprender as relacións entre a saúde e a situación social das persoas, o sistema de xénero, a cultura e o ciclo vital.
- Ser capaz de identificar e valorar as necesidades sociais relacionadas cos problemas de saúde e a súa repercusión na vida das persoas afectadas, e as estratexias de atención e apoio pertinentes en cada situación.
- Ser capaz de recoñecer as características dos problemas de saúde que dan lugar a necesidades de atención e apoio social, con especial referencia ás discapacidades, á dependencia, aos problemas de saúde mental e ás adiccións.

Contidos

- Concepto e determinantes da saúde.
- Organización do Sistema Público de Saúde: atención primaria e atención especializada. Marco xurídico e competencial.
- A influencia da familia na saúde
- A repercusión da enfermidade crónica na persoa, a familia, o cuidador e a sociedade.
- Problemas de saúde que dan lugar a necesidades de atención e apoio social.
- Orixe e evolución do Traballo Social en saúde. Contextos e estratexias de intervención, promoción, prevención e rehabilitación.
- Traballo Social en equipos de saúde.
- Traballo Social e atención en crises.
- Traballo Social en ámbitos específicos de intervención: Unidades de longa estancia e cuidados paliativos.
- Atención en procesos de dó.
- A saúde en situacións de vulnerabilidade.

Bibliografía básica e complementaria

- Moragas, R. (1991). Gerontología Social, envejecimiento y Calidad de Vida, Barcelona: Herder.
- Novellas, A. (2000). Trabajo Social en Cuidados Paliativos, Madrid: Arán.
- Piedrola, G. e cols. (2001). Medicina Preventiva y Salud Pública, Madrid: Masson-Salvat.
- Mondragon, J. Trigeros, I. (1999). Manula de Prácticas de Trabajo Social en el Campo de la Salud, Madrid: Siglo Veintiuno Editores.
- Colon, D. (2011). El trabajo Social Sanitario, Los procedimientos, los protocolos y los procesos. Madrid: UOC.
- Gehlert, S. e Brwnw, T. (2012). Handbook of Health Social Work 2ª ed. New Jersey: John Wiley & Sons.

Competencias

COMPETENCIAS XENÉRICAS:

- Saber aplicar os coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ó Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

- Ser capaces de transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas ó Traballo Social a un público tanto especializado como non especializado.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio do emprego dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver.
- Saber identificar e traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran este comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos.
- Diferenciar e actuar na resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza das mesmas.
- Desenvolver aptitudes para traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e multiorganizacionais co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de maneira construtiva os posibles desacordos existentes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersoais
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía empregada combina a docencia presencial de clases expositivas e interactivas e o traballo persoal do alumno/a. Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma e que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia levarase a cabo mediante avaliación continua e proba escrita. Esta última terá un peso do 75% sobre a cualificación global.

A avaliación continua, pola súa parte, ten un peso do 25% e sumárase á nota obtida na proba escrita, sempre que esta proba se teña superada cunha cualificación mínima de apto.

En caso de non asistir ás sesións presenciais nas que se realicen tarefas puntuables, se estas faltas se xustifican debidamente, poderán compensarse nas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios encomendados polo profesor, entregándose estas tarefas na convocatoria ordinaria ou posteriormente, se así o autoriza o profesor, en cuxo caso serán avaliadas na convocatoria extraordinaria.

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir a clase e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada co profesor.

Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

- Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas
- Exercicios: 15 horas
- Lectura de textos: 15 horas
- Elaboración de traballos, visualización de materias: 15 horas
- Outras tarefas propostas: 4 horas

Recomendacións para o estudo da materia

Ter cursadas as materias de Fundamentos de Traballo Social; e Ética e Traballo Social.

Asistencia e participación activa nas aulas interactivas e expositivas.

Colaboración e participación activa nas tarefas a realizar en grupo.

G3171227 - Traballo Social con Grupos (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2013/2014 - Obrigatoria

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**
- **Horas ECTS**
- Clase Expositiva: 27.00
- Clase Interactiva Seminario: 18.00
- Horas de Titorías: 3.00
- **Total: 48.0**

Profesora: Purificación García Álvarez

Programa

Objetivos da materia

- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con grupos para promover cambios e desenvolver as súas capacidades e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Coñecer os xeitos de intervir con grupos e organizacións para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, e para promover a participación dos usuarios nos procesos e servizos de Traballo Social.
- Coñecer os xeitos de implicar os usuarios dos servizos de Traballo Social para incrementar os seus recursos, a súa capacidade e o seu poder para influír nos factores que afectan ás súas vidas.
- Ser capaz de consultar e cooperar con outros, incluídos os usuarios de servizos, comunicando a través de diferenzas tales como os límites institucionais e profesionais e as diferenzas de identidade ou linguaxe.
- Ser capaz de crear, organizar e apoiar grupos para fins de Traballo Social.
- Ser capaz de defender os grupos e organizacións e actuar no seu nome se a situación requireo.
- Ser capaz de identificar os comportamentos de risco.
- Ser capaz de detectar e afrontar situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.

Contidos

- I.- Traballo Social de grupo: orixe, evolución e obxectivos.
- II.- Conceptualización, tipoloxía e características dos grupos.
- III.- Comunicación, liderado e roles no grupo.
- IV.- Estruturas grupais.
- V.- Proceso grupal e etapas de desenvolvemento.
- VI.- A dinámica de grupos e procesos de cambio.
- VII.- Metodoloxía da intervención en Traballo Social con grupos.
- VIII.- Os grupos educativos, socioeducativos, de axuda mutua e socioterapéutica

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica:

- .-Alcaraz, R., García, G., Pallarés, A., Servián J.M. e Vila. N. (2010). Comunicación y trabajo social en Servicios Sociales y Política Social nº 92.
- .-Brezmes, M. (2001). La intervención en Trabajo Social. Salamanca: Hesperides.
- .-Gil, F. (1999). Introducción a la Psicología de los grupos. Pirámide: Madrid.
- .-Kisnerman, N. (1985). Servicio Social de Grupo. Buenos Aires: Humanitas.
- .-López, P. (1998). Un método para la investigación-acción participativa. Popular: Madrid.
- .-Mambriani, S. (1993). La comunicación en las relaciones de ayuda. Humanes: Madrid.
- .-Tschorne, P.(1993). Dinámica de Grupos en Trabajo Social. Atención Primaria y Salud Comunitaria. Salamanca: Amarú Ediciones.
- .-Zamanillo, T. (2008). Trabajo social con grupos y pedagogía ciudadana. Sistesis: Madrid

Bibliografía complementaria:

- .-Robertis, C. (1994). Intervención colectiva en Trabajo Social. Trabajo con grupos y comunidades. Buenos Aires: Ateneo.
- .-Francia, A. e Mata, J. (2001). Dinámica y técnicas de grupos (Col. Educación Social. Plan de Formación de Animadores). 8ª ed. Madrid: Editorial CCS. 2001 (e.o. 1992)
- .-Hostie, R. (1986). Técnicas de dinámica de grupo. ICCE: Madrid.

Competencias

Competencias Xerais:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Competencias Especificas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.
- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Ter capacidade para planificar, implementar, revisar e avaliar a práctica do Traballo Social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais, para a promoción do cambio e a resolución de problemas nas relacións humanas.
- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando a subministración de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptarllos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
- Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio a que poidan acceder e desenvolver.
- Adquirir facultades para promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal.
- Coñecer e utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa e complementaria de conflitos en diversos ámbitos, tales como o familiar, escolar, comunitario e intercultural.
- Ter capacidade para apoiar ás persoas para que sexan capaces de manifestar as necesidades, puntos de vista e circunstancias.
- Desenvolver habilidades para defender ás persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o require.
- Saber preparar e participar nas reunións de toma de decisións ao obxecto de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades.
- Ter capacidade para actuar na resolución das situacións de risco coas persoas así como para as propias e as dos colegas de profesión.
- Diferenciar e actuar na resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza do mesmo.
- Ter capacidade para administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización.
- Desenvolver aptitudes para traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e multiorganizacionais col propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles desacordos existentes
- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de resolución de problemas
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersoais
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de compromiso ético
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de liderazgo
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A docencia expositiva ten asignadas sesións, distribuídas á longo do cuadrimestre. A súa finalidade é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva en sesións de dos horas, distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías se asesora ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/o alumno/a, que supón un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha modalidade mixta, conformada pola avaliación continua e pola realización dunha proba liberatoria e exame final.

Realizarase unha proba escrita liberatoria de toda a materia nos últimos días do cuadrimestre, a la que so poderán presentarse, os alumnos que teñan cursados en tempo e prazo establecido os prácticos feitos na aula. No caso de non superala ou non presentarse a ela, o alumnado será avaliado nas convocatorias finais de exames.

En ambos os dous casos, o peso das probas escritas é dun 70,0% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é dun 30%.

Cómpre acadar unha puntuación mínima dun 4 no exame para poder sumar a puntuación da avaliación continua. A materia será de aprobado cando se chegue ao total de 5.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA:

Asistencia ás clases interactivas: 1 punto

Traballo grupal a concretar coa profesora: 1 punto

Elaboración de prácticos realizados nas clases interactivas : 1 punto

TOTAL: 3,0 ptos. Cómputo a valorar na cualificación final

A asistencia a clases interactivas se gradúa da seguinte maneira:

- O 100% das asistencias: 1 punto

- O 90% das asistencias: 0,9 ptos

- O 80% das asistencias: 0,8 ptos

- O 70% das asistencias: 0,7 ptos

menos do 70% das asistencias non puntúan.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e as causas por que se pode xustificar as faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia a clase nas ensinanza adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno dá USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir as clases interactivas, e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización dun traballo. A temática e a metodoloxía que hai que seguir, para esta compensación, será acordada entre a profesora e a alumno.

Poderán darse cambios, sempre beneficiosos para a aprendizaxe do alumno, na avaliación continua, desde que se chegue a acordos entre a profesora e os alumnos.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumno/a:

Estudo autónomo individual ou en grupo.....50 horas

Exercicios.....15 horas

Lectura de textos..... 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material20 horas

Outras tarefas propostas como, estudo de diferentes tipos de grupos, sondaxe dos grupos a que se pertence e comentario de noticias..... 4 h.

Total..... 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctico.

- A participación nas clases interactivas é fundamentais para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

- Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundar nas parcelas de maior interese para o/o alumno/a.

Ter cursadas as materias do Fundamentos do Traballo social; Historia do Traballo Social e Ética e Traballo Social